

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDEN AS SUBVENCÍONS CONVOCADAS AO ABEIRO ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA DE ACTUACÍONS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA A IMPLANTACIÓN DE RECOLLIDAS SEPARADAS DE BIORRESIDUOS, ACEITES DE COCIÑA USADOS E TÉXTILES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA POR ANTICIPADO DE GASTO PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975T).(D.O.G. NÚM. 250, DO 30 DE DECEMBRO DE 2024)**

## ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.** Con data do 30 de decembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG número 250) a *Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrancia non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T), (en diante bases reguladoras).*

De conformidade co disposto no Artigo 1 das bases reguladoras *"Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, de axudas ás entidades locais e agrupacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, as previstas para á implantación, ampliación e/ou mellora da recollida separada dos biorresiduos ou da compostaxe in situ, implantación e ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado e téxtiles, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2025"*.

**Segundo.** Poderán ser entidades beneficiarias, de conformidade co disposto no Artigo 2.1 das bases reguladoras, as entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lle correspondan



en materia de xestión de residuos, que cumpran os requisitos establecidos para cada unha das liñas subvencionables sinaladas nesta orde.

**Terceiro.** As actuacións subvencionables son, de conformidade co disposto no Artigo 3 das bases reguladoras, as seguintes:

- a) Liña 1: proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ ou dixestión anaerobia).
- b) Liña 2: proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*).
- c) Liña 3: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos para destinalo a valorización.
- d) Liña 4: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles dos residuos municipais para destinalos a preparación para a reutilización ou reciclado.

Os gastos subvencionables relaciónanse no artigo 5 das bases reguladoras.

**Cuarto.-** De conformidade co disposto no Artigo 6 das bases reguladoras, o crédito da convocatoria ascende á cantidade de (9.200.000,00€), coa seguinte distribución:

| Liñas de axudas                                           | Aplicación orzamentaria | Código proxecto | Ano 2025             |
|-----------------------------------------------------------|-------------------------|-----------------|----------------------|
| Liña 1: Recollida biorresiduos destinados a instalacións. | 06.03.541D.760.1        | 2023 00229      | 4.400.000,00€        |
| Liña 2: Separación de biorresiduos para compostaxe        |                         |                 | 4.400.000,00€        |
| Liña 3: Proxectos recollida separada de aceite de cociña  |                         |                 | 200.000,00€          |
| Liña 4: Proxectos de recollida de residuos téxtiles       |                         |                 | 200.000,00€          |
| <b>TOTAL</b>                                              |                         |                 | <b>9.200.000,00€</b> |



De conformidade co Artigo 6.2 das bases reguladoras *"O financiamento máximo outorgado para as actuacións subvencionables non excederá do 90% do gasto subvencionable, cos seguintes importes máximos de subvención:*

- a) *Liña 1: o importe máximo da subvención (excluída a adquisición de camión para recollida de biorresiduos) por entidade establécese en función dos habitantes do concello (INE 2023) a razón de 5 €/habitante, ata o esgotamento do crédito a que se refire o presente artigo. No caso de que o concello solicite axuda para a adquisición do concepto subvencionable «Camións para a recollida de biorresiduos» o importe solicitado non se detraerá da contía máxima da axuda correspondente da entidade en función do número de habitantes, o importe máximo para cada un dos camións solicitados será de 300.000 €.*
- b) *Liña 2: o importe máximo da subvención por entidade establecece en función dos habitantes do concello (INE 2023) a razón de 4,5 €/habitante, ata o esgotamento do crédito a que se refire o presente artigo.*
- c) *Liña 3: o importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 50.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 80.000 €.*
- d) *Liña 4: o importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 50.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 80.000 €."*

A porcentaxe restante será asumida pola entidade beneficiaria.

**Quinto.** Segundo o disposto no Artigo 7.1 das bases reguladoras *"O prazo de presentación de solicitudes será de un mes (1 mes) e iniciarse en 7 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. As solicitudes poderanse presentar desde as 12.00 horas do referido día.*

*En todo caso, non se admitirán a trámite e se ditará resolución de inadmisión e arquivo daquelas solicitudes que se presenten fora do prazo establecido neste artigo."*



O prazo foi o comprendido entre o 10/01/2025 ás 12:00 horas e o 10/02/2025 ás 23:59 horas.

No Anexo I desta proposta relaciónanse as entidades locais que presentaron solicitudes ao desta convocatoria.

**Sexto.** Con data do 25 de marzo de 2025, a Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular como órgano competente para a instrución do procedemento, emite informe de cumprimento dos requisitos esixidos nas bases reguladoras por parte das entidades solicitantes de axuda.

De conformidade co disposto no citado informe, as entidades locais que cumpren os requisitos establecidos na Orde do 17 de decembro de 2024 para resultar beneficiarias dunha subvención, son as que se relacionan, por liña de actuación no Anexo I.

Tamén de conformidade co disposto no citado informe, no Anexo II incorpórase relación de solicitudes non beneficiarias e o motivo da exclusión.

Os expedientes completos relativos tanto ás solicitudes están dispoñibles nas dependencias correspondentes da Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade para posteriores consultas ou controis pertinentes.

**Sétimo.** Tendo en conta o exposto o déficit / superávit de crédito que en cada unha das liñas de axuda se produce é o que se indica a continuación:

| ANUALIDADE 2025                                                  |                                   |                                     |                |
|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------------------|----------------|
| Liña de axuda                                                    | Dispoñibilidade orzamentaria 2025 | Importe subvencións outorgadas 2025 | Diferencia     |
| Liña 1. Recollida biorresiduos destinados a instalacións.        | 4.400.000,00€                     | 4.985.748,15 €                      | -585.748,15 €  |
| Liña 2. Separación de biorresiduos para compostaxe.              | 4.400.000,00€                     | 2.675.429,94 €                      | 1.724.570,06 € |
| Liña 3: Proxectos recollida separada de aceite de co-ciña usado. | 200.000,00€                       | 277.565,67 €                        | -77.565,67 €   |
| Liña 4: Proxectos recollida separada de residuos téxtiles        | 200.000,00€                       | 170.403,66 €                        | 29.596,34 €    |



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.** De conformidade co disposto na disposición derradeira primeira das bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

**Segundo.** De conformidade co disposto no Artigo 13.1 das bases reguladoras " *Unha vez concluída a instrución, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución o número de expediente, a denominación e o NIF do solicitante, a data de presentación da solicitude, a data de subsanación da solicitude se é o caso, a actuación subvencionable, a contía da subvención proposta e a porcentaxe de financiamento ou ben a causa da proposta de denegación ou inadmisión, segundo corresponda*".

De conformidade co disposto no Artigo 13.2 das bases reguladoras " *O órgano instrutor elevará as correspondentes propostas de concesión á persoa titular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático*"

**Terceiro.** De conformidade co disposto no Artigo 6.3 das bases reguladoras, " *Para o caso de que nalgunha das liñas as solicitudes beneficiarias non resultasen suficientes para esgotar os fondos dispoñibles, o crédito sobrante poderá destinarse á cobertura de solicitudes das outras liñas, sendo prioritarias as solicitudes correspondentes a liña 1, en segundo lugar as da liña 2, en terceiro lugar as da liña 3 e en cuarto lugar as da liña 4.*"

**Cuarto.** Son obrigas das entidades beneficiarias segundo o Artigo 18 das bases reguladoras as seguintes:

*"Sen prexuízo das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedarán obrigadas a:*



1. *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
2. *Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda.*
3. *Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción de comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.*
4. *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
5. *Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente a través da intervención delegada, ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e o Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular deberán autorizar á Comisión, á OLAF, ao Tribunal de Contas Europeo, e cando proceda, á Fiscalía europea a exercer os dereitos que recoñece o artigo 129, apartado 1, do referido Regulamento financeiro.*
6. *Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude («bandeiras vermellas»). Asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de interese e a dobre financiamento.*
7. *Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá*



*efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

*8. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. O aporte da información realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea. Mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co antedito artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo.*

*9. Dispor de capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.*

*10. Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo Mecanismo de recuperación e resiliencia de conformidade co artigo 132 do Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo ou, a falta de dito pago, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.*

*11. Cumprir os requisitos establecidos no artigo 15, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que toda actividade, investimento ou material (incluído o que se difunda de maneira electrónica ou empregando medios audiovisuais) que se realice contando con financiamento obtido a partir destas axudas deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no Anexo IV destas bases así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia. En particular nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan as inversións (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, certificados etc, onde se fará mención da orixe deste e velarase por darlle visibilidade, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU» tal como se*



*reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.*

*12. Facilitar a recollida de indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos tras a execución do proxecto subvencionable, e nun prazo de entre seis meses e tres anos despois da finalización e facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador establecido sobre o rendemento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, consonte ao artigo 30 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, e establecido co número 187, en relación coa Medida C12.I3, no anexo da Proposta de Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España [SWD(2021) 147 final]. Así como facilitar a información que permita ao órgano concedente medir a contribución da actividade subvencionada ao correspondente indicador.*

*13. Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.*

*14. Respetar o principio de «non causar un prexuízo significativo» na execución das actuacións subvencionadas no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088.*

*15. Dispoñer das licenzas, permisos e/ou autorizacións administrativas exixidas pola normativa para o exercicio da súa actividade así como, de ser o caso, para o desenvolvemento do proxecto subvencionable. A sinatura da solicitude comporta a realización da declaración relativa a esta disposición.*

*16. Someterse ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de recuperación e resiliencia e ás actuacións da autoridade de control ou das entidades que actúen baixo a súa coordinación ou responsabilidade. En particular no relativo a:*



- *Obriga de asegurarse da regularidade do gasto subxacente e da adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento. A tal efecto establecerase un sistema eficaz e eficiente e recuperaranse os importes aboados baixo erro ou empregados de maneira incorrecta, no senso do artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo e á Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.*
- *Debe terse en conta o cumprimento da normativa sobre Axudas de Estado, con especial referencia aos supostos nos que vaian participar varias administracións públicas, nos que se debe ter especial coidado coas regras de acumulación de axudas e as de incompatibilidade entre axudas comunitarias, así como coas intensidades máximas, procurando que as categorías de axudas, na medida do posible, non sexan concorrentes senón complementarias e que os gastos elixibles non sexan os mesmos. Para iso débese contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas e lémbrese a necesidade de cumprir adecuadamente coas obrigacións de subministración de información á mesma (Real decreto 130/2019, do 8 de marzo).*
- *Contribución á fiabilidade do sistema, en xeral, e do sistema de seguimento de indicadores do cumprimento de fitos e obxectivos e de seguimento do custo estimado, en particular.*
- *Requisitos de pista de auditoría de conformidade co antedito artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo.*
- *Obrigacións de comunicación sobre o financiamento das medidas incluídas nestas bases xa que se incluíron no Plan para a recuperación e resiliencia.*



• *Subministro de información dos datos sobre o perceptor final dos fondos, cando non sexa o mesmo, así coma dos contratistas e subcontratistas no caso de que o perceptor final sexa un poder adxudicador.*

*17. Asumir calquera outra obriga comunitaria ou nacional que resulte de aplicación por razón do financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia."*

**Quinto.-** De conformidade co disposto no artigo 6.1 das bases reguladoras *"As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.541D.760.1 (código de proxecto 2023 000229) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU."*

A distribución do crédito autorizado por liña de actuación é a que se indica no antecedente cuarto.

De conformidade co disposto no Artigo 13.4 letra f) das bases reguladoras *"(..) a axuda está cofinanciada nun 90 % con cargo aos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. Resultando de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento. O dito financiamento queda legalmente vinculado á realización das actuacións subvencionadas"*.

**Sexto.** Segundo o disposto no Artigo 30.1 das bases reguladoras: *"1. Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas destinadas á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismo internacional, sempre que o importe total das axudas percibidas*



*non supere o 100 % do investimento subvencionable do proxecto, coa excepción dos Proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2)."*

Así mesmo, as axudas reguladas nesta orde si serán compatibles con axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outro fondo europeo, tales como FEDER, REACT-UE, FSE, HORIZONTE EUROPA, etc.

**Sétimo.-** *De conformidade co disposto no Artigo 24 das bases reguladoras "1. O aboamento da subvención practicaráselle directamente ao concello beneficiario na conta bancaria indicada por este, que deberá ser da súa titularidade. En caso das entidades locais supramunicipais ou agrupacións de entidades locais, o concello que asuma a representación recibirá a axuda atribuída a este fin.*

*No caso de agrupación de entidades locais, o concello que actúe como representante deberá presentar, no prazo máximo dun mes desde a recepción dos importes cobrados, xustificantes bancarios dos aboamentos efectuados (transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario do ingreso efectivo polo portelo) aos restantes concellos que constitúen a devandita agrupación.*

*2. Poderá anticiparse ata o 50 % do importe concedido, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación desta. De acordo co devandito artigo 63, a concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.*

*Para acollerse á modalidade de pagamento anticipado as entidades beneficiarias deber solicitalo expresamente no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI.*

*3. De non presentar a solicitude de pagamento anticipado enténdese que a entidade solicitante renuncia ao anticipo. Neste caso o pagamento das axudas efectuarase unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, no prazo establecido, da documentación xustificativa a que se refire o artigo anterior.*



4. *Conforme o artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos pagamentos anticipados non se exixirá a presentación de garantías por parte dos concellos beneficiarios.*

5. *Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Consellería concedente, antes de proceder ao seu pagamento final, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, así como o cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» ao medio ambiente na execución das actuacións subvencionadas no senso do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.*

*Os órganos competentes da Consellería concedente poderán solicitar a entidade beneficiaria as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes, advertíndolle de que a falta de presentación da xustificación no prazo concedido para o efecto poderá comportar a perda do dereito á subvención e a exixencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

7. *O pagamento realizarase, logo de verificación do órgano concedente do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma."*

**Oitavo.-** Segundo o artigo 21 das bases reguladoras, as entidades beneficiarias terán de prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a correspondente xustificación, ata o 30 de novembro de 2025.

En canto á forma de xustificar a subvención estarase ao disposto nos Artigos 22 e 23 das bases reguladoras.

**Noveno.-** De acordo co artigo 34.f do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o



pagamento da subvención quedará condicionado á verificación do previsto no artigo 17.4 do citado Decreto.

En consecuencia, á vista do exposto e en virtude do establecido no Artigo 13.2 das bases reguladoras, **PROPOÑO** á persoa titular da Directora Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, a adopción da seguinte Resolución:

**Primeiro.-** Destinar o crédito sobrante da Liña 2, para atender as necesidades de crédito das solicitudes da Liña 1 e da Liña 3 nos termos que se indican a continuación:

| Liñas de axudas                                                  | Aplicación orza-<br>mentaria | Código pro-<br>xecto | Crédito inicial | Modificación  | Crédito definitivo |
|------------------------------------------------------------------|------------------------------|----------------------|-----------------|---------------|--------------------|
| Liña 1: Recollida bio-<br>residuos destinados<br>a instalacións. | 06.03.541D.760.1             | 2023 00229           | 4.400.000,00 €  | 585.748,15 €  | 4.985.748,15 €     |
| Liña 2: Separación de<br>biorresiduos para<br>compostaxe         |                              |                      | 4.400.000,00 €  | -663.313,82 € | 3.736.686,18 €     |
| Liña 3: Proxectos re-<br>collida separada de<br>aceite de cociña |                              |                      | 200.000,00 €    | 77.565,67 €   | 277.565,67 €       |
| Liña 4: Proxectos de<br>recollida de residuos<br>têxtiles        |                              |                      | 200.000,00 €    | 0,00 €        | 200.000,00 €       |
| TOTAL                                                            |                              |                      | 9.200.000,00 €  |               | 9.200.000,00 €     |

**Segundo.-** Conceder as subvencións as entidades que se relacionan no Anexo I e polos importes que se indican e cada caso.

Os importes das subvencións serán do 90 % do orzamento da actuación, ata o límite máximo establecido no Artigo 6.3 das bases reguladoras. A porcentaxe restante será achegada pola entidade beneficiaria.

No Anexo I determínase, de conformidade co disposto no Artigo 13.1 das bases reguladoras, o número de expediente, a denominación e o NIF do solicitante, a data de presentación da solicitude, a data de subsanación da solicitude se é o caso, a actuación subvencionable, a contía da subvención proposta e a porcentaxe de financiamento.



**Terceiro.-** Desestimar as solicitudes de subvención e inadmitir as entidades que se recollen no Anexo II polo motivo que en cada caso se indica.

**Cuarto.-** De conformidade co disposto no artigo 17.1 das bases reguladoras, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

O titular do órgano competente para a instrución do procedemento

O subdirector xeral de residuos e economía circular

Francisco Javier Copa Rodríguez

Vista a proposta da Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular, **RESOLVO** aprobala nos termos expostos.

A Conselleira

P.D. (Orde do 17 de decembro de 2024)

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

María José Echevarría Moreno

De conformidade co disposto no Artigo 15 das bases reguladoras, esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interperse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.



## Anexo I Listaxe de entidades beneficiarias

### Liña 1

| EXPEDIENTE         | SOLICITANTE                                               | NIF       | Actuación subv | € actuación subvencionable | % da axuda | Contía da subvención | Data solicitude     | Data subsa-nación |
|--------------------|-----------------------------------------------------------|-----------|----------------|----------------------------|------------|----------------------|---------------------|-------------------|
| BIAT-0002-2025-RES | CONCELLO DE ARES                                          | P1500400E | L1             | 8.158,00 €                 | 90,00 %    | 7.342,20 €           | 10-01-2025 12:11:01 | x                 |
| BIAT-0003-2025-RES | MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERIN           | P3200025I | L1             | 333.333,33 €               | 90,00 %    | 300.000,00 €         | 10-01-2025 12:14:44 | x                 |
| BIAT-0004-2025-RES | CONCELLO DE CHANTADA                                      | P2701600E | L1             | 15.190,00 €                | 90,00 %    | 13.671,00 €          | 10-01-2025 12:16:30 | x                 |
| BIAT-0006-2025-RES | CONCELLO DE AGUADA                                        | P3602300J | L1             | 141.180,00 €               | 90,00 %    | 127.062,00 €         | 10-01-2025 12:19    | x                 |
| BIAT-0008-2025-RES | CONCELLO DE MELIDE                                        | P1504700D | L1             | 6.400,00 €                 | 90,00 %    | 5.760,00 €           | 10-01-2025 12:19:52 | 18-02-2025 11:44  |
| BIAT-0009-2025-RES | CONCELLO DE SAN SADURNIÑO                                 | P1507700A | L1             | 15.339,58 €                | 89,67 %    | 13.755,00 €          | 10-01-2025 12:25    | x                 |
| BIAT-0010-2025-RES | MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA TERRA DE CELANOVA | P8202502D | L1             | 10.685,00 €                | 90,00 %    | 9.616,50 €           | 10-01-2025 12:27    | x                 |
| BIAT-0013-2025-RES | CONCELLO DE BOIRO                                         | P1501100J | L1             | 75.234,00 €                | 90,00 %    | 67.710,60 €          | 10-01-2025 13:00:11 | x                 |
| BIAT-0017-2025-RES | CONCELLO DE FISTERRA                                      | P1503800C | L1             | 26.090,77 €                | 90,00 %    | 23.481,69 €          | 10-01-2025 13:04    | 24/02/25 13:11    |
| BIAT-0020-2025-RES | CONCELLO DE MOS                                           | P3603300I | L1             | 14.880,00 €                | 90,00 %    | 13.392,00 €          | 10-01-2025 13:56    | 28/02/25 16:12    |
| BIAT-0024-2025-RES | CONCELLO DE O GROVE                                       | P3602200B | L1             | 54.071,00 €                | 90,00 %    | 48.663,90 €          | 10/01/25 16:05      | x                 |
| BIAT-0028-2025-RES | CONCELLO DE MEIRA                                         | P2702900H | L1             | 7.630,00 €                 | 90,00 %    | 6.867,00 €           | 13/01/25 12:33      | 17-02-2025 12:55  |
| BIAT-0029-2025-RES | CONCELLO DE LAXE                                          | P1504100G | L1             | 11.190,00 €                | 89,00 %    | 9.959,10 €           | 15/01/25 11:13      | 25/02/25 11:06    |
| BIAT-0031-2025-RES | CONCELLO DE SILLEDA                                       | P3605200I | L1             | 14.990,00 €                | 90,00 %    | 13.491,00 €          | 15-01-2025 14:49    | 17-02-2025 10:32  |
| BIAT-0033-2025-RES | CONCELLO DE GUITIRIZ                                      | P2702200C | L1             | 28.459,57 €                | 90,00 %    | 25.613,61 €          | 16-01-2025 11:44    | 26/02/25 09:01    |
| BIAT-0035-2025-RES | CS AS MARIÑAS                                             | P1500011J | L1             | 580.000,00 €               | 90,00 %    | 522.000,00 €         | 16/01/25 14:32      | x                 |
| BIAT-0037-2025-RES | CONCELLO DE SOUTOMAIOR                                    | P3605300G | L1             | 14.980,00 €                | 90,00 %    | 13.482,00 €          | 17-01-2025 10:48    | x                 |
| BIAT-0039-2025-RES | CONCELLO DE TOMIÑO                                        | P3605400E | L1             | 134.100,00 €               | 90,00 %    | 120.690,00 €         | 17-01-2025 14:23    | 07/03/25 12:59    |
| BIAT-0042-2025-RES | CONCELLO DE REDONDELA                                     | P3604500C | L1             | 288.090,00 €               | 90,00 %    | 259.281,00 €         | 19-01-2025 17:12    | 17-02-2025 13:08  |
| BIAT-0043-2025-RES | CONCELLO DE SOBRADO                                       | P1508100C | L1             | 8.500,00 €                 | 90,00 %    | 7.650,00 €           | 20/01/25 13:59      | 18/02/25 12:07    |
| BIAT-0055-2025-RES | CONCELLO DE VALDOVIÑO                                     | P1508800H | L1             | 14.900,00 €                | 90,00 %    | 13.410,00 €          | 24/01/25 12:46      | 07/03/25 12:36    |
| BIAT-0056-2025-RES | CONCELLO A ESTRADA                                        | P3601700B | L1             | 111.240,00 €               | 90,00 %    | 100.116,00 €         | 24/01/25 13:13      | 21-02-2025 09:22  |



|                    |                                           |           |    |              |         |              |                     |                |
|--------------------|-------------------------------------------|-----------|----|--------------|---------|--------------|---------------------|----------------|
| BIAT-0057-2025-RES | CONCELLO DE LÁN-CARA                      | P2702600D | L1 | 7.116,30 €   | 90,00 % | 6.404,67 €   | 24/01/25 14:06      | 28/02/25 10:44 |
| BIAT-0058-2025-RES | CONCELLO DE CAR-BALLO                     | P1501900C | L1 | 33.990,00 €  | 90,00 % | 30.591,00 €  | 24/01/25 14:23      | 06/03/25 11:53 |
| BIAT-0062-2025-RES | CONCELLO DE BAR-BADAS                     | P3200900C | L1 | 29.925,00 €  | 90,00 % | 26.932,50 €  | 27/01/25 13:50      | x              |
| BIAT-0063-2025-RES | CONCELLO DE VIGO                          | P3605700H | L1 | 939.823,20 € | 90,00 % | 845.840,88 € | 27/01/25 14:46      | x              |
| BIAT-0070-2025-RES | CONCELLO DE COVE-LO                       | P3601300A | L1 | 132.600,00 € | 90,00 % | 119.340,00 € | 29/01/25 12:48      | 21/02/25 12:11 |
| BIAT-0073-2025-RES | CONCELLO DE BARRO                         | P3600200D | L1 | 10.078,50 €  | 90,00 % | 9.070,65 €   | 29/01/25 14:33      | x              |
| BIAT-0074-2025-RES | CONCELLO DE AGO-LADA                      | P3602000F | L1 | 12.475,00 €  | 90,00 % | 11.227,50 €  | 29/01/25 14:53      | 13/03/25 11:59 |
| BIAT-0076-2025-RES | CONCELLO DE VILA-NOVA DE AROUSA           | P3606100J | L1 | 26.075,00 €  | 90,00 % | 23.467,50 €  | 30/01/25 11:47      | 26/02/25 10:55 |
| BIAT-0077-2025-RES | CONCELLO DE PA-DRON                       | P1506600D | L1 | 126.720,00 € | 90,00 % | 114.048,00 € | 30/01/25 11:51      | x              |
| BIAT-0083-2025-RES | CONCELLO DE CERCE-DO COTOBADE             | P3600048G | L1 | 13.228,10 €  | 90,00 % | 11.905,29 €  | 03/02/25 11:10      | 03/03/25 10:23 |
| BIAT-0089-2025-RES | DEPUTACION OUREN-SE                       | P3200000B | L1 | 25.052,44 €  | 90,00 % | 22.547,20 €  | 04/02/25 14:09      | 28/02/25 13:15 |
| BIAT-0090-2025-RES | CONCELLO DE MON-FORTE DE LEMOS            | P2703100D | L1 | 82.530,00 €  | 90,00 % | 74.277,00 €  | 04/02/25 18:18      | 26/02/25 18:01 |
| BIAT-0093-2025-RES | CONCELLO DE BALEI-RA                      | P2700400A | L1 | 2.912,00 €   | 90,00 % | 2.620,80 €   | 05/02/25 11:44      | 07/03/25 11:27 |
